



**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

### Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/10	GOB19I001U	
<div>6A0Z 0X5J 1Q40 431R 15WR</div>		

### ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE TRES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

#### SRES/AS ASISTENTES:

##### SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

##### SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO  
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN

TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR

TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA

TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN

TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE

##### SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

##### SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local por asentemento, deulle a súa aprobación.

### 2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DUN PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NO LG. DE NELLE- CASTRO (EDI/2021/876).-

(...)

Primeiro.- **Aprobar definitivamente** o proxecto de normalización de fincas sito no Lg. de Nelle- Castro (parcelas coas referencias catastrais 6315802NJ6261N, 6315803NJ6261N e 6315804NJ6261N) asinado dixitalmente en data 27.03.2024 polo enxeñeiro técnico agrícola Manuel Luis Fidalgo Couce, colexiado núm. 1436, e subsanado co documento asinado polo mesmo técnico en data 07.05.2024, promovido por Enrique R. Paz e María Fernanda R. Paz.

**PARCELAS DE RESULTADO (según o proxecto aprobado):**

**PARCELA Nº 1.**

*DESCRIPCIÓN A AFECTOS REXISTRAIS:*

**LINDEIROS:**

Norte: Referencia catastral 6315801NJ6261N.

Sur: Finca resultante nº 2.

Leste: Finca resultante nº 4 destinada a viario.

Oeste: Ref. catastral 15055A51802192.

*Sobre a finca existe unha vivienda unifamiliar con semisoto, planta baixa e baixo-cuberta, así como dúas construcións anexas destinadas a almacéns. As construcións ocupan unha superficie en planta de 233,5 m<sup>2</sup>, sendo a superficie construída total de 384 m<sup>2</sup>.*

*Superficie: 2.212,13 m<sup>2</sup>.*

- *Superficie bruta en solo de núcleo rural: 973,35 m<sup>2</sup>.*
- *Superficie neta en solo de núcleo rural: 973,35 m<sup>2</sup>.*
- *Superficie bruta en solo rústico: 1238,78 m<sup>2</sup>.*
- *Superficie neta en solo rústico: 1238,78 m<sup>2</sup>.*

*Clasificación Urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL E SOLO RÚSTICO.*

*Adjudicatarios: ENRIQUE R. PAZ e MARÍA FERNANDA R. PAZ.*

**PARCELA Nº 2.**

*DESCRIPCIÓN A AFECTOS REXISTRAIS:*

**LINDEIROS:**

Norte: Finca resultante nº 1.

Sur: Finca resultante nº 3.

Leste: Finca resultante nº 4 destinada a viario.

Oeste: Referencias catastrais 15055A51802192 e 15055A51802193.

*Superficie: 1367,50 m<sup>2</sup>.*

- *Superficie bruta en solo de núcleo rural: 742,82 m<sup>2</sup>*
- *Superficie neta en solo de núcleo rural: 742,82 m<sup>2</sup>*
- *Superficie bruta en solo rústico: 624,68 m<sup>2</sup>*
- *Superficie neta en solo rústico: 624,68 m<sup>2</sup>*

*Clasificación Urbanística: SUELO DE NÚCLEO RURAL E SOLO RÚSTICO.*

*Adjudicatarios: ENRIQUE R. PAZ e MARÍA FRANCISCA E. BARREIRO.*

**PARCELA Nº 3.**

*DESCRIPCIÓN A AFECTOS REXISTRAIS:*

**LINDEIROS:**

Norte: Finca resultante nº 2.

Sur: Referencia catastral 6315805NJ6261N0001IU.

Leste: Estrada.



*Oeste: Referencia catastral 15055A518021930000AT.*

*Superficie: 1201,97 m<sup>2</sup>.*

- Superficie bruta en solo de núcleo rural: 801,41 m<sup>2</sup>*
- Superficie neta en solo de núcleo rural: 801,41 m<sup>2</sup>*
- Superficie bruta en solo rústico: 400,56 m<sup>2</sup>*
- Superficie neta en solo rústico: 400,56 m<sup>2</sup>*

*Clasificación Urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL E SOLO RÚSTICO.*

*Adjudicataria: MARÍA FERNANDA R. PAZ.*

### **PARCELA Nº 4.**

***DESCRIPCIÓN A AFECTOS REXISTRAIS:***

*Finca destinada a cesión para viais.*

**LINDEIROS:**

Norte: Referencia catastral 6315801NJ6261N.

Sur: Parcela resultante 3 e estrada.

Leste: Estrada.

Oeste: Parcela resultante 1 e parcela resultante 2.

*Superficie: 6,29 m<sup>2</sup>.*

*Clasificación Urbanística: SISTEMA LOCAL VIARIO.*

*Adjudicatario: CONCELLO DE NARÓN.*

Segundo.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Notificar estes acordos a todos os propietarios afectados, dándolles os recursos pertinentes.

Cuarto.- Os promotores inscribirán no Rexistro da Propiedade a nova configuración física das parcelas, consonte o previsto no artigo 282.5 do RLSG, e **presentará no Concello unha nota simple que acredite a inscrición rexistral da parcela de titularidade municipal.**

Quinto.- Os promotores deberán instar do Catastro a actualización da titularidade e a nova configuración física das parcelas, conforme o establecido no artigo 282.6 do RLSG.”

O concelleiro-Delegado de Urbanismo proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación do informe-proposta transcrito en todos os seus termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **3 .- PROPOSTA INICIO CADUCIDADE SOLICITUDE LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR CRUCEIRO - O VAL (LPO-10/2008).-**

(...)

**PRIMEIRO.- Incoar o expediente de caducidade** da solicitude presentada o día 13.02.2008 por Manuel José T. Dopico, para licenza de primeira utilización dunha vivenda unifamiliar no

lugar Cruceiro – O Val (Exp. LPU-10/2008), para posteriormente levar a cabo o arquivo do expediente polos motivos citados na parte expositiva.

SEGUNDO.- Darlle ao interesado un prazo de **DEZ días** para que formule as alegacións que considere pertinentes.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- PROPOSTA INICIO CADUCIDADE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR CRUCEIRO - O VAL (LPO-54/2006)..-**

(...)

PRIMEIRO.- **Incoar o expediente de caducidade** da solicitude presentada o día 18.12.2006 por Silvia C. Silvar, para licenza de primeira utilización dunha vivenda unifamiliar no lugar Cruceiro – O Val (Exp. LPU-54/2006), para posteriormente levar a cabo o arquivo do expediente polos motivos citados na parte expositiva.

SEGUNDO.- Darlle á interesada un prazo de **DEZ días** para que formule as alegacións que considere pertinentes.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE MES DE XANEIRO DE 2025 E DA RELACIÓN DE LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS COMPLEMENTARIAS DO MES DE DECEMBRO DE 2024..-**

(...)

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de xaneiro de 2025, por importe de **7.582,80 € e 44 recibos**.

**SEGUNDO:** Aprobar as liquidacións tributarias complementarias das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de decembro de 2024, por importe de **1.346,70 € e 22 recibos**.

**TERCEIRO:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**CUARTO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**QUINTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS CURSOS E ACTIVIDADES NAS INSTALACIONS DEPORTIVAS DO MES DE XANEIRO DE 2025 ..-**

(...)

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de xaneiro de 2025, cun importe de 31.701,02 € e 1.588 contribuíntes.

**SEGUNDO:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**TERCEIRO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**CUARTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.



**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **7.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4